



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DO
PROGRAMA PROMOCIONA**

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte,

D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, e actuando en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

D. Isidro Juan Rodríguez Hernández, con NIF núm. 50804366B, que actúa en nome e representación, como apoderado, da entidade Fundación Secretariado Gitano, entidade que consta no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais desta Consellería de Política Social.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación





con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, entre outras. Neste eido tamén lle corresponde a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais no sector socio-familiar así como a cooperación con elas e, en particular, coas entidades de iniciativa social.

CUARTO. Que a Fundación Secretariado Gitano (en adiante FSG) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-1729 e ten entre as súas funcións a da promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

QUINTO. Que considerando o interese do proxecto que esta entidade leva a cabo e da recoñecida labor social que no eido das familias xitanas, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten previsto a sinatura dun convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento do Programa Promociona, que ten por obxectivo promover a finalización dos estudos obrigatorios e a promoción do alumnado xitano a estudos postobrigatorios para incidir nunha redución do abandono escolar que presenta gran parte da comunidade xitana. O carácter singular deste instrumento sen convocatoria pública xustifícase na exclusión da concorrència pois a devandita entidade é a única que



7/11



desenvolve o programa de apoio ás familias xitanas, polo que a especificidade das actuacións necesarias para levar a cabo o proxecto determina que non sexa posible promover a concorrência para a concesión dunha subvención para tal fin. De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Así mesmo, o artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Á súa vez, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os e as adolescentes, neste caso, en colaboración con unha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a FSG no desenvolvemento do Programa Promociona destinado ao apoio aos alumnos e alumnas xitanos/as e ás súas familias co fin de reducir o abandono escolar. O obxectivo deste programa é favorecer a normalización educativa do alumnado xitano co fin de conseguir taxas máis elevadas de éxito académico durante a



etapa de escolarización obrigatoria, con especial incidencia no último ciclo de Educación Primaria (5º e 6º curso) e en Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º curso) e promover a continuidade en estudos medios e/ou superiores e formación profesional para o que se prestará orientación educativa e familiar e sesións de apoio escolar e reforzo aos alumnos.

SEGUNDA. PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias do programa que prevé este convenio serán os alumnos xitanos e as súas familias.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS

A FSG artellará as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución de dito programa que ten como obxectivo xeral lograr a promoción no ámbito educativo dos alumnos xitanos así como a redución do abandono escolar.

CUARTA. IMPORTE E CONDICIÓN DE PAGO

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de trinta e cinco mil euros (35.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2016, na que existe crédito axeitado e suficiente (Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016). A devandita achega económica limítase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio no 5 de decembro de 2016.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

- Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.
- Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo concepto, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, enviará certificación xustificativa de gastos acompañada das correspondentes facturas, nas que se reflicta que os gastos realizados foron iguais ou superiores á axuda concedida e xustificantes do pagamento nos termos recollidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

En todo caso, a Consellería de Política Social queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido do presente convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo, a entidade estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

QUINTA. OBRIGAS

1. A FSG deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para poder ser beneficiarios das axudas, así como cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da mesma Lei e que son, entre outras, as seguintes:

a) Para os efectos de acreditar que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia do reintegro tanto no momento da sinatura do convenio coma no momento de realizarse o pagamento, deberá achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a





modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) A FSG deberá dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

2. A FSG estará obrigada a subministrarlle á Administración, logo de requirimento, nos termos recollidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas de transparencia e publicidade da actividade pública previstas na mencionada lei.

SEXTA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A selección do persoal específico que a FSG dedicará á execución do programa corresponderá a dita entidade.

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Ademais, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, nun ficheiro denominado "Relacións Administrativas coa Cidadanía e Entidades", creado pola Orde do 15 de decembro de 2001, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para o seguimento do convenio créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:



- A directora territorial da FSG en Galicia.
- A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro do ano 2016.

DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normas de procedente aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Darán lugar á resolución do presente convenio as causas que a continuación se relacionan, procedendo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- mutuo acordo das partes asinantes



- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables

DÉCIMO TERCEIRA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.


Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL


O CONSELLEIRO
José Manuel Rey Varela

O APODERADO DA FUNDACIÓN
SECRETARIADO GITANO (FSG)


Isidro Juan Rodríguez Hernández